

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

XORNADAS
ACADÉMICAS

**PRODUÇÃO
E GESTÃO DE
EXPOSIÇÕES
TEMPORAIS**

DO 3 AO 6 SET



XORNADAS ACADÉMICAS

PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

As exposicións temporais convertéronse nos últimos anos nunha das principais estratexias de programación dos espazos culturais para dinamizar a súa oferta e atraer a públicos diversos, renovando con cada proxecto a razón para que o visitante regrese.

A súa produción e xestión implican unha serie de procesos que se foron protocolizando de xeito paralelo á profesionalización do sector, xerando unha metodoloxía de traballo. A análise desta praxe é o obxecto destas xornadas.

Os asistentes coñecerán este campo a través da experiencia de directores de proxectos culturais e técnicos de exposicións, pero tamén dos propios artistas e coleccionistas, que transmitirán as súas necesidades, preocupacións e expectativas, imprescindibles para asegurar unha boa relación profesional cos autores. Desde o reto de formular un discurso expositivo claro ata a produción museográfica da exposición, as xornadas abordarán aspectos como a negociación de préstamos de obra, a xestión dos transportes, o deseño e produción da montaxe ou a planificación dunha campaña de marketing e comunicación que lle dea notoriedade e permita situar á exposición na escena cultural, así como atraer ao público. A incorporación da tecnoloxía, as posibilidades que ofrecen as redes sociais ou o desenvolvemento de aplicacións móbiles completarán esta perspectiva global da produción de exposicións temporais.

Destinatarios:

Licenciados, graduados e alumnos de Grao, Posgrao e Máster de Historia da Arte, Humanidades, Belas Artes, Museoloxía e Xestión Cultural; alumnos de Escolas de Artes e Oficios, profesionais da museoloxía, xestión cultural e coordinación de exposicións e interesados na produción e deseño de exposicións.

Director do curso:

Juan Manuel Monterroso Montero, profesor titular de Historia da Arte da Universidade de Santiago.

Información Práctica:

DATAS: 3, 4, 5 e 6 de setembro de 2014

LUGAR: Aula Seminario. Museo Centro Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia

TOTAL DE HORAS: 26 horas

Inscripción de balde ata completar aforo

Nº DE PRAZAS: 45

Certificado de participación a partir da asistencia ao 80% das horas.

SOLICITUDE DE 1 ETCS Á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN TRAMITACIÓN

PROGRAMA

MÉRCORES 3 DE SETEMBRO

SESIÓN DE MAÑÁ: 10:00 – 14:00

PRESENTACIÓN DAS XORNADAS:

Juan Monterroso, profesor titular de Historia da Arte da Universidade de Santiago

A ORIXE DUNHA EXPOSICIÓN

Interveñen:

- María Pereira Otero. Directora de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Xestión dun espazo singular**

- María del Mar Angosto Acuña. Departamento de Exposicións - Acción Cultural. Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **Petición de obra: relación coas institucións.**

- Carmen Menéndez Montero. Departamento de Exposicións - Acción Cultural. Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **A organización do transporte e o rexistro de obra.**

- Verónica Santos Farto. Departamento de Exposicións, Acción Cultural. Fundación Cidade da Cultura de Galicia. **A montaxe de exposicións.**

Modera: Juan Monterroso, profesor titular de Historia da Arte da Universidade de Santiago.

SESIÓN DE TARDE: 16:00-20:00

A PAIXÓN DO COLECCIONISTA

Interveñen:

- Alfonso Romero Vidal, ceramólogo e presidente de l'Associació Catalana de Ceràmica. **A pervivencia da alfarería tradicional española a través das coleccións privadas. A Colección Alvarado**

- Gonzalo Fernández-Prieto, director do Museo del Vidrio y del Cristal de Málaga e propietario da colección. **A pasión dunha vida.**

- Ángel Martín, director da Galería de Arte Africano Ángel Martín. **Patrimonio africano: o coleccionismo africanista en España.**

Modera: Nuria Serrano Téllez, xefa de servizo de Museos da Xunta de Galicia.

XOVES 4 DE SETEMBRO

SESIÓN DE MAÑÁ: 10:00 – 13:30

HISTORIA DUNHA EXPOSICIÓN. AUGA DOCE

Interveñen:

- Marta González Orbegozo, asesora artística e Loreto Fernández de Garaizábal, coordinadora da exposición.

Repaso fóra de guión.

- Juan Carlos Arnuncio Pastor, responsable do deseño da montaxe. **Un montaxe para Auga Doce.**

Modera: María Pereira Otero, directora de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

SESIÓN DE TARDE: 16:00-20:00

A OBRA IN SITU. VISITA GUIADA COS ARTISTAS

Visita guiada da exposición con intervención e comentario de artistas representados.

Intervienen:

- Rubén Ramos Balsa. **O tempo da agua. Notas entorno á obra 'Río con triángulo' e 'Estrutura de silla con hipercubo'.**

- Jorge Perianes. **Superficies mudas.**

- Andrea Jambrina. **San Isidro O Augador.**

PROGRAMA

VENRES 5 DE SETEMBRO

SESIÓN DE MAÑÁ: 10:00 – 14:00

ARTISTAS NUNHA MOSTRA

MESA REDONDA

Interveñen:

- Manuel Vilariño. **Unha luz na campana da noite.**
- Eva Lootz. **Terra líquida.**
- Jordi Teixidor. **Sobre a 'Pintura Azul'.**

Modera: Chus Martínez Domínguez, crítica de arte e comisaria independente.

SESIÓN DE TARDE: 16:00-19:30

MÁIS ALÁ DA EXPOSICIÓN DE ARTE

MESA REDONDA

Interveñen:

- Vicente Pérez Muñuzuri, director de MeteoGalicia. **O clima e a meteoroloxía na historia.**
- Sílvia González Soutelo, investigadora do GEAAT, Universidade de Vigo. Especialista en Arqueoloxía da auga. **Descubrir o presente a partir do pasado: a auga desde a óptica da arqueoloxía.**
- Pedro Casaleiro, responsable de Coleccións e Exposicións do Museo da Universidade de Coimbra. **Ciencia e Arte/Arte e Ciencia: retos da SciArt nos museos de ciencia.**

Modera: José Pintado, Investigador do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC)

SÁBADO 6 DE SETEMBRO

SESIÓN DE MAÑÁ: 10:00 – 14:00

COMUNICANDO O MUSEO

Interveñen:

- Ignacio Fernández Mojón, responsable Departamento de Marketing e Comunicación da Fundación Cidade da Cultura. **Comunicando o museo: estratexias de marketing cultural.**
- Santiago Berdullas, co-fundador de Kappowsky. **Apps para espazos culturais.**

Modera: Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

OBRADOIRO PRÁCTICO:

Os asistentes realizarán unha análise crítica da exposición "Auga Doce" valorando os diferentes aspectos analizados ao longo das xornadas: discurso, selección de obra, montaxe, comunicación... O obxectivo é a aplicación práctica a un caso de estudo das aportacións dos relatores durante as xornadas.

A ORIXE DUNHA EXPOSICIÓN

MARÍA PEREIRA OTERO (Vigo, 1966). Con máis de vinte anos de experiencia na xestión cultural, ocupou postos de máxima responsabilidade neste ámbito, como directora de Programación Cultural na Obra Social de Caixanova (2005), directora de Acción Cultural na Obra Social de Novacaixagalicia (2011) e desde 2012 á fronte da Dirección de Acción Cultural na Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Mención especial constiúe o capítulo dedicado ao terreo expositivo, debido á xestión da colección de arte de Caixanova, á organización de mostras temporais e ás colaboracións con museos nacionais e entidades culturais de referencia (Museo del Prado, Centro de Arte Reina Sofía, Fundación Pilar i Joan Miró a Mallorca, Museo Sorolla, Fundación Juan March, RijksMuseum ou Fundación Cisneros, entre outras).

CARMEN MENÉNDEZ MONTERO (Lugo, 1971). Licenciada en Xeografía e Historia pola USC, especializada en Arte Contemporánea e en Museoloxía. Diplomada en restauración de Pintura pola escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. En 1996 comeza a súa actividade profesional orientada ao campo da restauración, traballando para as principais empresas galegas do sector, desenvolvendo traballos de xestión, coordinación e traballo de campo. En 2006 faise cargo da coordinación e xestión do departamento de restauración da Vicerreitoría de Cultura da USC. En 2007 monta a súa empresa, Antiga, a través da que leva a cabo numerosos traballos de restauración e inventariado de bens culturais. En 2010 entra a formar parte do equipo da Fundación Cidade da Cultura no departamento de exposicións, levando a cabo a xestión e coordinación dos proxectos expositivos.

MAR ANGOSTO ACUÑA (Pontevedra, 1973). Licenciada en Xeografía e Historia pola USC e Diplomada en Museoloxía por l'École du Louvre. Comeza a súa actividade profesional en París, no Musée des arts décoratifs. Como documentalista traballa no departamento de Arte Impresionista e Moderna de Sotheby's Paris e como asistente de dirección nas Galerías GlassBox e Site Odeon nº5, así como no departamento de didáctica de Le Musée en Herbe (París). No 2006 trasládase a Sevilla onde traballará ata o 2012 na Dirección Xeral de Museos da Junta de Andalucía, no departamento de Difusión. Desde marzo do 2013, forma parte do departamento de exposicións de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura levando a cabo tarefas de petición de obra a institucións internacionais e a coordinación dos catálogos.

VERÓNICA SANTOS FARTO. Licenciada en Historia da Arte Moderna e Contemporánea, Máster en Xestión Cultural e Patrimonio e Diploma de Estudos Avanzados no programa de Doutoramento en Arte contemporánea da UNED, ven desenvolvendo traballos de comisariado e coordinación de exposicións desde o ano 2001 (CGAC, Museo Provincial de Lugo, Concello de Vigo, Sala de Arte CNBCA ...). Coordinou campañas de inventarios e catalogacións do patrimonio histórico-artístico galego e formou parte do equipo de xestión expositiva e cultural de empresa do sector, destacando colaboracións na coordinación didáctica de exposicións para RDO Comunicación Cultural. No 2011 incorpórase ao Departamento de visitas xerais e didácticas da Cidade da Cultura de Galicia e no 2013 ao Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia dentro do equipo de coordinación de proxectos expositivos.

JUAN M. MONTEROSO MONTERO. Licenciado en Xeografía e Historia e Doutor en Historia da Arte pola USC, foi profesor titular da Universidade da Coruña entre 1999 e 2001 e, desde 2001, profesor titular da USC. Na actualidade desenvolve a fundación de Decano da Facultade de Xeografía e Historia da USC. Levou a cabo colaboracións como asesor e autor de textos de catálogo e exerceu o comisariado de proxectos específicos sobre o Camiño de Santiago ('Santiago, Punto de Encontro' da Fundación Caixa Galicia, 'Apóstol dende a memoria' do Xacobeo, 'Europa foi camiño. A peregrinación a Santiago na Idade Media' da Fundación La Caixa). Ademais, comisariou exposicións de artes plásticas e patrimonio cultural ('Sigillum' e 'Os Caprichos de Goya e Dalí', da USC; 'Tino Grandío', no Museo de Belas Artes da Coruña, ou 'Lugrís. Viaxe ao mundo de Ulyses Fingal', no Quiñones de León).

A PAIXÓN DO COLECCIONISTA

ÁNGEL MARTÍN (Madrid, 1963). Prehistoriador e arqueólogo pola Universidade Complutense de Madrid e especialista en arte africano. Desde 1987 viaxa regularmente a diversos países do Continente Negro onde desenvolveu estudos sobre as diferentes culturas, tanto desde a perspectiva artística e arqueolóxica como etnográfica. Director da Galería Ángel Martín desde 1992, compatibiliza a súa labor como africanista co asesoramento científico a entidades públicas e privadas en varios países europeos e africanos. Entre 1987 e 1992 traballou como arqueólogo para diversas institucións en España para pasar posteriormente a fundar a galería que leva o seu nome. Mestre de conferencias en diversas universidades españolas traballa na actualidade viaxando e investigando sobre obxectos arcaicos de África Central e Occidental.

ALFONSO ROMERO VIDAL. Doutor en Bioloxía, no campo de Ciencias Biomédicas (especialidade en Toxicoloxía e Patoloxía), dirección de Investigación e Desenvolvemento Preclínico de novos fármacos. Profesor da Facultade de Medicina de Barcelona (1973-2001). É presidente de l'Associació Catalana de Ceràmica (Barcelona) desde 2004 ata a actualidade. Ademais, é historiador, incluído e recoñecido no DHAC (Diccionari d'Historiadors de l'ArtCatalá, editado por l'Institut d'Estudis Catalans), nas áreas de Ceràmica, Historiografía i Col·leccionismo de Arte. É membro do Consello de Redacción do Butllet Informatiu de Ceràmica, revista editada por l'Associació Catalana de Ceràmica (Barcelona) e Membro da Comisión Asesora do Museo de Ceràmica del'Almetlla de Mar (Tarragona).

GONZALO FERNÁNDEZ PRIETO (Madrid, 1956). Doutor en Historia pola Universidade de Cambridge e Director e Propietario do Museo del Vidrio y Cristal de Málaga, centro de arte decorativo no que podemos percorrer a historia da humidade a través do cristal. O Museo acolle unha colección privada formada por unhas 3.000 pezas de cristal de diversas épocas acompañada por unha importante representación de obra pictórica, mobiliario e obxectos de decoración que corresponden fielmente a cada período histórico ao que representan.

NURIA SERRANO TÉLLEZ (Madrid, 1964). Facultativo de Museos e Xefa do Servizo de Museos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia desde o 2011. Anteriormente, traballou no Museo das Peregrinacións e de Santiago como responsable da Área de Conservación (2003-2011). É Licenciada en Xeografía de Historia coas especialidades de Xeografía, Historia e Arte de Galicia así como de Museoloxía. Na actualidade é vogal do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia e representante da Comunidade Autónoma de Galicia no Consejo Asesor de Museos que promove a Secretaría de Estado de Cultura do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, órgano que vai propoñer as liñas de actuación do recién creado Observatorio de Museos de España.

HISTORIA DUNHA EXPOSICIÓN

JUAN ARNUNCI. Arquitecto, Catedrático de Proxectos arquitectónicos na Escuela de Arquitectura Universidad Politécnica de Madrid. Entre outras obras realizou o Museo de Arte Español Contemporáneo Patio Herreriano, o Archivo General Junta Castilla y León, o Conservatorio Profesional de música e danza de Burgos ou a restauración da Catedral de Segovia. Expuxo obra en Porto, Atenas e Moscú e coordinou e co-dirixiu a exposición 4Centenarios en Valladolid, Pamplona, San Sebastián e Milán. Exposición monográfica sobre traballos propios: 'Plays. Juan Carlos Arnuncio'. Obtivo numerosos premios como o Premio Consejo Social 2003 da Universidad Valladolid, 1º premio Intervención arquitectónica Casa Zúñiga 1995, o 3º premio Auditorio de León ou 1º premio no concurso para centro de acollida Canal de Castilla, 2012.

MARTA GONZÁLEZ ORBEGOZO (Bilbao, 1940). Vogal do Real Padroado do Museo del Prado, nomeada en 2003 en representación do Corpo Facultativo de Conservadores de Museo. Museóloga e conservadora de museos. En 1976 licenciase en Filosofía e Letras (especialidade Historia da Arte) pola Complutense de Madrid e en 1985 diplómase en Biblioteconomía e Documentación polo Centro de Estudios Bibliográficos y Documentarios da Biblioteca Nacional.

Ingressa por oposición no Corpo Técnico Facultativo de Conservadores de Museos, sendo, desde ese momento, conservadora do Departamento de Arte Internacional do Museo Español de Arte Contemporáneo. En 1990 pasa a ser conservadora do Departamento de Arte Internacional do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía e a partir de 1991 é conservadora xefe do Departamento de Exposicións Temporais de dito museo.

LORETO FERNÁNDEZ DE GARAIZÁBAL. Profesora de Primaria pola Universidade do País Vasco, exerceu no ensino público e privado. Convertiu o gusto pola arte en profesión ao entrar no departamento de exposicións de Caixanova a través do departamento de didáctica no que traballou 9 anos en todas as áreas: montaxe, textos, catálogo, comunicación... Neses anos realizou cursos especializados en marketing, didáctica e comisariado de exposición no Instituto Superior de Arte de Madrid. Durante o seu traballo en Caixanova colaborou en exposicións coordinadas polo Museo del Prado, Reina Sofía ou Rijksmuseum, entre outros; ademais de colaborar na posta en valor da arte galega a través da Colección de Arte Galega de Caixanova.

RELATORES

A OBRA IN SITU

RUBÉN RAMOS BALSA (Santiago de Compostela, 1978). Formado como artista plástico e investigador na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, pertence á xeración de artistas educados nas ciencias da complexidade baixo o paradigma da Terceira Cultura. Fai a súa aparición na escena artística a finais dos 90, situando a súa obra en poucos anos no ámbito internacional. Durante a súa dilatada carreira participou en numerosas exposicións como Sin Cinema (Itau Cultural. Sao Paulo), Transient Light-Whispering Breeze (National Museum of Singapore), Biennale Cuveé. World Selection of contemporary Art (OK-Center. Linz), Zerbrechliche Schönheit. Fragile Beauty (Kunst-Palast Museum. Dusseldorf). En 2007 destaca a súa participación na 52 edición da Biennale di Venezia dentro do proxecto Paraíso Fragmentado e na Singapore Biennale 2001. Actualmente dedícase ao deseño de soporte de computación cuántica para sistemas de Intelixencia Artificial.

ANDREA JAMBRINA (Zamora, 1975). Realizou estudos de Técnico Superior en Artes Aplicadas á Escultura na Escola de Arte 'El Castillo' de Zamora. No 2001 trasládase a Pontevedra para estudar Belas Artes, onde obtén a licenciatura e o Diploma de Estudos Avanzados. Participou en numerosas mostras como Auga Doce na Cidade da Cultura, Ars Miscendi Venena na Casa das Campás den Pontevedra (2010), Afinidades Selectivas 3, na Casa da Cultura Galega de Vigo (2010), Sujetos difusión en redes severas na Casa

das Campás de Ponvedra (2009), Hum-edades na sala Sete Flores do Carballiño (2009), Ornamento y Delito na Galería Sargadelos de Pontevedra (2006), Corpúsculos no Pazo da Cultura de Pontevedra (2006) ou Muestra de Arte Joven da Junta de Castela e León (2000). É membro do colectivo LIBA (Laboratorio de Investigación en Belas Artes) co que realizou diversas exposicións e accións artísticas.

JORGE PERIANES (Ourense, 1974). Vive e traballa entre Vigo e Madrid. Licenciouse na facultade de Belas Artes de Pontevedra, na que continúa preparando a tese doutoral. Entre as súas exposicións individuais destacan: *Sin título*, Galería Max Estrella (Madrid. España, 2013), *Sin título*, Palacio de exposicións Kiosko Alfonso (A Coruña. España, 2012), *Abierto x Obras*, Matadero, (Madrid. España, 2011), *Diálogos* (Museo Provincial Lugo, Lugo, 2011), *Los animales se equivocan* (MACUF, A Coruña, 2009), *A mi la luz me da sueño* (Galería Ad hoc, Vigo, 2009), e S/T. en la Galería Fúcares (Sala de proxectos, Madrid, 2006). Ademais, participou en numerosas mostras colectivas e a súa obra mostrouse tamén en numerosas ferias de países como México, Chicago ou Lisboa. Este artista segue sorprendendo nas últimas exposicións, polo seu traballo imaxinativo, meticuloso, irónico e narrativo.

ARTISTAS NUNHA MOSTRA

EVA LOOZT. Artista cuxa obra caracterízase pola utilización de rexistros heroxéneos (escultura, fotografía, cine, instalacións, intervencións sonoras) e un marcado interese pola interacción entre materia e linguaxe. En 1994 obtivo o Premio Nacional de Artes Plásticas, en 2009 o Premio Tomás Francisco Prieto da Real Casa de la Moneda, en 2010 o Premio MAV de Mulleres nas Artes Visuais e en 2013 o premio da Fundación Arte y Mecenazgo. Entre as súas exposicións cabe destacar: *Metal* (Madrid 1983), *Noche, decían* (Barcelona 1987), *Alfombra escrita* (Amsterdam 1990), *A Farewell to Isaac Newton* (Londres 1994), *Eva Lootz* (Boras 1997, Suecia, Lund 1998, Suecia, Odense 1998, Dinamarca) *Ich und Du* (Colonia 2000), *Derivas* (Oporto 2001), *La lengua de los pájaros* (Palacio de Cristal do Retiro MNCARS, Madrid 2002), *Viajes de agua en La Casa Encendida* (Madrid 2009), *Drawing as Thought* (Skissernas Museum, Lund, Suecia, 2011) e *Dis-cursos de agua* (CAB de Burgos 2012).

JORDI TEIXIDOR (Valencia, 1941). Formado artisticamente na Escola Superior de Belas Artes de San Carlos de Valencia, o ano 1966 foi especialmente significativo na súa carreira profesional xa que ademais de realizar a súa primeira mostra individual é nomeado conservador do Museo de Arte Abstracta de Cuenca, onde coñece á xeración do 'grupo de Cuenca'. Ese ano entra a formar parte do grupo 'Nueva generación', promovido polo crítico Juan Antonio Aguirre. En 1973 viaxa a Nova York, onde coñece a pintura norteamericana dos anos 50, centrando o seu interese en Mark Rothko, Barnett Newman e Ad Reinhardt. Tres anos despois participa na Bienal de Venecia na exposición *España: Vanguardia artística y realidad social. 1936-1976*. En 1979 recibe unha bolsa da Fundación Juan March que o leva a Nova York ata 1981. En 1982 instálase en Madrid e en 1997 organízase unha retrospectiva no Instituto Valenciano de Arte Moderno. No 2000 é nomeado académico da Real Academia de Belas Artes de San Fernando.

ARTISTAS NUNHA MOSTRA

MANUEL VILARIÑO. Artista visual e poeta é, sen ningún xénero de dúbidas, un dos máis importantes fotógrafos do panorama español contemporáneo, distinguido no 2007 co Premio Nacional de Fotografía. Comezou a realizar fotografías na década dos 70 e, desde entón, non deixa de ter mostras en prestixiosas galerías e museos, destacando a que realizou en 2002 no Centro Galego de Arte Contemporánea e a participación en 2007 no pavillón español da Bienal de Venecia, comisariado por Alberto Ruiz de Samaniego. No 2008 presentou en Asunción (Paraguai), Montevideo (Uruguai), MASP de Sao Paulo e Museu de Arte Contemporánea de Río de Janeiro (Brasil) unha itinerancia comisariada por Fernando Castro Flórez. A súa obra forma parte de importantes coleccións públicas e privadas de ámbito internacional.

CHUS MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ (Tui, 1976). Licenciada en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela. Na súa actividade profesional salienta o seu labor como crítica de arte, sendo colaboradora habitual

MÁIS ALÁ DA EXPOSICIÓN DE ARTE

SILVIA SOUTELO (Tui, 1978). Doutora en Historia –arqueoloxía romana- pola USC, coa súa tese de doutoramento titulada ‘A arqueoloxía da auga na Galicia romana’. Graduada Superior en Arqueoloxía pola Universidade de Barcelona e membro do Grupo de Estudos sobre Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAT), actualmente está asociada á Facultade de Historia da Universidade de Vigo onde imparte docencia. Dentro da súa experiencia no campo da arqueoloxía da auga, ten sido directora, colaboradora e asesora de cursos e proxectos arqueolóxicos vinculados coas infraestruturas hidráulicas do mundo antigo en múltiples xacementos nacionais e internacionais. Froito da súa investigación, conta cun amplo número de publicacións sobre esta temática e participou como asesora científica en *Auga Doce*.

JOSÉ PINTADO VALVERDE (Vigo, 1962). Científico Titular do CSIC no Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) en Vigo, dentro do departamento de Ecoloxía e Recursos Mariños. Durante anos traballou no Institut de Recherche pour le Développement (IRD) en Montpellier (Francia) (1995-2001). Foi profesor contratado na Universidade de Montpellier II (2001-05) e profesor invitado na Universidade de Nova Gales do Sur, en Sídney, Australia (2012). En paralelo ao seu traballo de investigación, participa habitualmente en actividades educativas ou de divulgación científica. É coordinador e comisario das exposicións do Proxecto Neuston, un proxecto de colaboración entre científicos e artistas, presentado no Euroscience Open Forum (2008, Barcelona) e exposto no Museo do Mar de Galicia en Vigo (2009) e nos Institutos Cervantes de Bruxelas (Bélxica) e Fez (Marrocos) en 2011.

do suplemento cultural Babelia do xornal El País e da revista Tempos Novos. Como comisaria independente realizou as mostras: *Chelo Matesanz. As miñas cousas en observación* (CGAC, Santiago de Compostela, 2014), *Cartografías Silenciadas* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 2011), *Andrea Costas. Alivio* (Sala Alterarte, Ourense, 2011), *Sobre o espazo infinito. A creación ao redor do mar no marco do programa “Outonarte”* (Varios espazos, A Coruña, 2008) e xunto a Xosé Manuel Lens: *Marxes e Mapas. A creación de xénero en Galicia* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 2008) e *Fisuras no cotián. 9 narradoras no relato da violencia* (Casa da Parra, Santiago de Compostela, 2007).

VICENTE PÉREZ MUÑUZURI. Profesor na Universidade de Santiago de Compostela e Director de MétéoGalicia desde 1999. Neste momento está na Xunta de Galicia en Comisión de Servizos como Subdirector Xeral de Meteoroloxía e Investigación na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Gradouse en Físicas en 1988 e conseguiu o doutorado en Física en 1992. Desde entón, publicou máis de 110 artigos de investigación e impartiu máis de cen conferencias. Como Director de MétéoGalicia, está implicado no plan galego fronte ao cambio climático en Galicia, a promoción, coordinación e preparación de proxectos de investigación ambiental, a administración do sistema de observación e predición meteorolóxica de Galicia, a coordinación da rede de calidade do aire e o seguimento das redes de control e vixilancia de la calidade das augas continentais e marítimas.

PEDRO CASALEIRO. Museólogo do Museo da Ciencia da Universidade de Coimbra, é profesor de Museoloxía na Facultade de Artes de Coimbra e coeditor da revista *Midas*. Ten experiencia na coordinación de proxectos de museos e desenvolve traballos na área de xestión das coleccións, estudos de audiencia, contidos e desenvolvemento de exposicións. Doutorado en Museos (Universidade de Leicester, Reino Unido), máster en Museoloxía na mesma universidade, gradouse en Bioloxía na Universidade de Lisboa. Pasou polo Museo Nacional de Historia Natural e Ciencia, pola Expo'98 polo Pavillón do Futuro, e polo Pavillón do Coñecemento Ciencia Viva en Lisboa. Desde 2003 participou no proxecto do Museo da Ciencia, que tivo a primeira fase no Laboratorio Chimico.

RELATORES

COMUNICANDO O MUSEO

IGNACIO FERNÁNDEZ MOJÓN (Ourense, 1976). Comezou a súa carreira en La Voz de Galicia para incorporarse despois ao grupo Editorial Prensa Ibérica, onde durante nove anos ocupou postos como o de xefe da sección de Galicia no Faro de Vigo. Nesta etapa, colaborou con xornais da cadea (La Opinión de A Coruña, La Nueva España...) e con diarios nacionais (El Periodo de Cataluña, La Vanguardia...). No 2007 trasladouse a Bruxelas como corresponsal de televisión coa produtora Overón, cubrindo información da UE. Tras doce anos no xornalismo orientou a súa carreira á comunicación corporativa e o marketing cultural. No 2010 pasa a formar parte do equipo da Cidade da Cultura de Galicia para crear o Departamento de Comunicación e Marketing, área da que é responsable desde entón. De xeito paralelo, exerce como profesor en IFFE Business School no master de Estratexia Digital, Marketing Online e Comunicación 2.0.

SANTIAGO BERDULLAS SILVA. Cofundador e CEO de Kappowsky S.L, unha empresa galega especializada no desenvolvemento de software para móbiles. Graduado como enxeñeiro informático pola Facultade Informática da Coruña, especialízase na rama Business Intelligence traballando varios anos para entidades bancarias. Simultaneamente, nos seus ratos libres, traballa nunha idea sobre xeolocalización de interiores que presenta en 2012 ao concurso nacional Uni>Proyecta, da rede Universia, sendo finalista con mención especial do xurado. A partir de aí, en colaboración con outro socio, fundan Kappowsky S.L. e co seu propio financiamento logran realizar un prototipo comercializable da súa aplicación, bautizada como ASPIE, siglas de "Aplicación de Smartphones para Posicionamento no Interior de Edificios".



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA